

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 1 de xuño de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día un de xuño de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(607).- **DAR CONTA DO PADRÓN FISCAL: TAXA LIXO VIVENDAS 2012. EXPTE. 38580/513.**

Dáse conta do decreto da concelleira de Economía e Facenda, de data 23.05.2012:

“No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011)

De conformidade co Informe-Proposta do Servizo de Administración de Tributos conformado pola Dirección de Ingresos, de data 18 de maio de 2012 e Toma de Razón da Intervención Xeral Adxunta de data 21 de maio de 2012,

RESOLVO:

1. Aprobar o Padrón fiscal da taxa da recollida do lixo de vivendas do exercicio 2012, por un importe total de 11.113.988,10.- Euros, (ONCE MILLÓNS CENTO TRECE MIL, NOVECENTOS OITENTA E OITO, CON DEZ CÉNTIMOS), que consta de 141.060 inscricións, segundo a relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 128.839 que figura a nome de D^a MARIA CARMEN FERNANDEZ ABALDE polo obxecto tributario de CM A LATIÑA Nº 12, e remata coa inscrición nº 17.348 que figura a nome de D. JOSÉ MANUEL COLLAZO PIAY polo obxecto tributario de ZARAGOZA 62 6º F.
2. **Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.
3. **Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2(608).- DAR CONTA PADRÓN FISCAL: TAXA LIXO INDUSTRIAL 2012. EXPTE. 43671/516.

Dáse conta do decreto da concelleira de Economía e Facenda, de data 23.05.2012:

“No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011)

De conformidade co Informe-Proposta do Servizo de Administración de Tributos conformado pola Dirección de Ingresos, de data 22 de maio de 2012 e Toma de Razón da Intervención Xeral Adxunta da mesma data,

RESOLVO:

- 1.- **Aprobar o Padrón fiscal de Exaccións Unificadas de Industriais do ano 2012**(taxa de lixo industrial e comercial e taxas por entradas de vehículos e reserva especial de aparcamento) por importe total de **6.944.311,44 Euros (SEIS MILLÓNS NOVECENTOS CUARENTA E CATRO MIL TRECENTOS ONCE EUROS CON CUARENTA E CATRO CENTIMOS)** segundo relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 35179 que figura a nome de JUAN COMESAÑA E HIJOS S.L. polo establecemento sito en

CM ABADE (CORUXO) Nº 4 e remata coa inscrición nº 1900 que figura a nome de ENRIQUEZ RODRIGUEZ M^a TERESA polo local sito en R/ ZARAGOZA nº 64 baixo, cun total de 21.853 recibos e correspondendo a:

- Taxa de lixo comercial 5.442.330,82.- Euros
- Entrada vehículos 1.464.449,87. - Euros
- Reservas aparcamento 37.530,75.- Euros

2. **Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral”

3. **Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días naturais, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3(609).- PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS “EDUARDO CHAO”: “MOVE VIGO 2012”. EXPTE. 4556/335

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Xestión e Promoción Cultural e do xefe do servizo de Festas, de data 16.05.2012, conformado pola concelleira da área de Cultura e Festas e pola concelleira de Economía e Facenda, e co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización, do 29.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º .- Que se aprrobe o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Asociacións veciñais de Vigo “Eduardo Chao” para coadxuvar na organización do programa “Move Vigo 2012”.

2º.- Que se autorice un gasto por un importe total de 17.100,00-euros, en concepto do estipulado no referido convenio, que se financiará con cargo a partida 3380.489.0009 (Convenio Federación Eduardo Chao - Movevigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas correspondente ao vixente exercicio económico”.

PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO” PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “MOVE VIGO 2012”

Na Casa do Concello de Vigo, a de de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, dona Isaura Abelairas Rodríguez, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Políticas do Benestar do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de Delegación de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011 sobre delegación de atribucións.

Doutra, dona María Pérez González, como presidenta da Federación de Asociacións veciñais "Eduardo Chao", C.I.F. G-36.681.708, e enderezo social na praza da Princesa nº 7, 36202 na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario de data 16/04/2012 que figura na documentación do expediente obxecto deste convenio.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Federación de Asociacións veciñais de Vigo "Eduardo Chao" ten como fins os obxectivos recollidos no artigo 3 dos estatutos da Federación adaptados á Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo reguladora, do dereito de asociacións (BOE 73/02 de 26 de marzo), que se achegan ao expediente.

II.-Que o obxecto do presente convenio é o desenvolvemento do programa "MOVE VIGO 2012", consistente no desenvolvemento dun programa de carácter cultural que inclúe un circuíto de actuacións culturais das agrupacións artísticas vinculadas á Federación, polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo; co obxectivo de dinamizar e dar a coñecer as mesma no eido de promoción da artes, música e danza tradicional, e promover a participación da cidadanía en xeral.

O proxecto MOVE VIGO 2012 desenvólvese principalmente ao redor de seis programas: Día das Letras Galegas "Cultura da nosa lingua" / San Xoán "Fogueira de Festas" / Samaín "Espírito de festa" / Magosto veciñal "Toma castaña" / Nadal veciñal "Goza da invernia" / Instrumentos tradicionais "Coñece a túa música".

III.- Que o Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar e dinamizar a cultura entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal.

IV.- O Concello de Vigo, no seu vixente orzamento prorrogado, ten previsto un crédito de 19.000,00 euros con cargo á aplicación 3380.489.0009 (Convenio Federación Eduardo Chao - Movevigo), como subvención nominativa de concesión directa a favor da Federación de Asociacións veciñais de Vigo "Eduardo Chao", C.I.F. G-36.681.708, para o desenvolvemento do programa "MOVE VIGO 2012".

O programa "MOVE VIGO", foi creado pola Federación de Asociacións veciñais de Vigo "Eduardo Chao" e é exclusivo desa entidade, desenvolvéndose de xeito ininterrompido dende o ano 2003 ata o ano 2009 e 2011.

Estas circunstancias impiden promover concorrencia pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente,

os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o desenvolvemento do programa "MOVE VIGO 2012", que se levará a cabo principalmente nos distintos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo.

V.- Que a Federación de Asociacións veciñais de Vigo "Eduardo Chao" non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta da declaracións responsable que achega ao expediente.

VI.- Que o Concello de Vigo e a Federación de Asociacións veciñais de Vigo "Eduardo Chao" veñen convindo e coadxuvando na organización do programa Movevigo cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Federación de Asociacións veciñais de Vigo "Eduardo Chao", o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Federación de Asociacións veciñais de Vigo "Eduardo Chao" comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo en canto ao desenvolvemento do programa MOVE VIGO 2012, concretamente a:

1.- Cumprir o programa obxecto deste convenio de acordo co proxecto presentado con data 15/05/2012 (doc 120058672) que se achega ao convenio.

O importe do programa "MOVE VIGO 2012" ascende a 23.100,00 euros. Nestas cantidades enténdense incluídos todos os gastos que se deriven das actuacións e actividades do desenvolvemento do programa (recursos humanos e materiais, transportes, incentivos por actuación, etc).

2.- Asumir todos os seguros relativos ás actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente (responsabilidade civil, accidentes, etc), para dar resposta ás posíbeis incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade da entidade asinante.

3- Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

4.- Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia da programación.

5- Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución do convenio.

6- Editar e distribuír o material gráfico da programación que figura no convenio. En todos os casos deberá aparecer o logotipo do Concello de Vigo como patrocinador das actividades.

7- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actuacións.

8.- En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

As actuacións con cargo a este convenio irán destinados ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á entidade Federación de Asociacións veciñais de Vigo "Eduardo Chao" unha subvención por importe de 17.100,00 euros para o desenvolvemento do programa "MOVE VIGO 2012".

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2080.5000.61.3040236951, da entidade bancaria NOVAGALICIABANCO, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a rendir deberá conter:

a) Memoria de execución xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades realizadas, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e/ou audiovisual, obxectivos acadados e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acreedor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previas no RD 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo servizo da Concellería de Cultura e Festas. O xefe do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2012 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- A concelleira da Área de Cultura e Festas queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixesimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

4(610).- DAR CONTA DAS SENTENZAS, AUTOS E DECRETOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

Dáse conta das seguintes sentenzas remitidas por Asesoría Xurídica :

a) Sentenza do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Vigo RC-A Nº 123/2009 P.O. Demandante: Graciano Rodriguez e Hijos S.L. Obxecto: Reclamación de pagamento dunha factura. Sentenza firme, estima o recurso. Expte. 5232/111.

b) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. RC-A nº 65/2012 PA. Demandante: D. Javier Froiz Santos. Obxecto: Resolución do 22-09-

2011, sanción de tráfico (non identificar ao conductor). Sentenza, firme, desestima o recurso. Expte.7219-111.

c) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo. RC-A nº 3/2012 PA. Demandante: SINDICATO NACIONAL DE CC OO DE GALICIA. Obxecto: Acto de 9-11-2011 (en reposición contra acordo da Xunta Goberno Local 9-9-2011). Designación de membros dos órganos de selección, OEP 2008 Sentenza, que non é firme, desestima o recurso, con custos de oficio. Expte. 7112-111,.

d) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. RC-A nº P.O. 14/09. Demandante: D^a. Carmen Gonzalez Sotelo. Obxecto: Resolución do 28/11/2008: inadmisión por falta de lexitimación pasiva. RPA, caída na vía pública o 22/03/2006 (rexistro de FENOSA). Sentenza, firme, desestima o recurso. Expte: 5062-111

e) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo. RC-A nº P.A. 39/12. Demandante: D^a. Eva M. Diaz López. Obxecto: Resolución do 9/11/201, SANC. TRAF. Devolución taxa guindastre por retirada de vehículo (con distintivo).Declara rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual (re-vogación do 6 e 22/03/2012). Expte: 7156-111

f) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo. RC-A nº P.A. 107/12. Demandante: CONTENUR. Obxecto: Resolución do 26/08/2011, danos nun autobús do servizo público por colector. Sentenza, firme, desestima o recurso con custas taxadas de oficio. Expte: 7288-111.

g) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. RC-A nº P.A. 34/12. Demandante: D. Carlos A. Santos García. Obxecto: Desestimación presunta RPA, danos en vehículo por colector RSU. Acepta o desestimento da actora. Expte: 7239-111.

h) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo. RC-A nº 412/2011 PA. Demandante: D^o M^a Rosa Fernández Álvarez. Obxecto: Resolución do 05-12-2011: estimación parcial e imputación á concesionaria RPA, caída na vía pública o 23 de xullo de 2010. Sentenza firme, desestima o recuso. Expte: 7000-111.

i) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo. RC-A nº 248/2011 PO. Demandante: D^a MARÍA DEL PILAR POLO DE LA RUBIA. Obxecto: Resolución do 6-4-2011 RPA, caída na vía pública o 11-8-2009 (rampla de acceso a garaxe). Sentenza, que non é firme, desestima o recurso. Expte: 6739-111.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

5(611).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTES. 02/884, 24/854, 24/985, 24/944, 25/641 E 25/1579.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 13.04.2012, e do 21,23,25 e 28.05.2012, conformados pola concelleira-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D^a. María Acevedi Duran. Expte.884/02.
- D^a. Amelia Cachafeiro García. Expte. 854/24
- D^a Amparo Iglesias Rey. Expte. 985/24.
- D^a Antonia Pérez Pedrido. Expte. 944/24.
- D^a M^a Dolores Ojea Fernández. Expte. 641/25.
- D. Juan Maceira González. Expte. 1579/25.

6(612).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN ÉRGUETE PARA O PROGRAMA DE PISOS DE APOIO PARA A INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES. ANO 2012. EXPTE. 73067/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director de Cedro, de data 14.05.2012, conformado pola concelleira da área de Política de Benestar e pola concelleira de Economía e Facenda, e co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización, do 29.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, e co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal do 16.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1º) Aprobar o texto do Convenio de Colaboración coa "Asociación de Ayuda al Toxicómano Erguete", Cif. G36642726, para a realización da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes, na cidade de Vigo para o ano 2012.

2º) Aprobar o gasto por un importe de 45.000 € con cargo á partida 3133.4890000 -conv. aloxamento alternativo Érguete-.

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE AXUDA Ó TOXICÓMANO ÉRGUETE PARA O PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES. ANO 2012

En Vigo, a ____ de ____ de 2012

REUNIDOS

Dunha parte Isaura Abelairas Rodríguez, en calidade de Concelleira Delegada da Área de Política de Benestar do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de Alcaldía sobre Delegación de data atribucións de data 13 de xuño de 2011 e acordo

da Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2011, segundo o dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra, D^a Carmen Avendaño Otero, DNI: 35956947-N, na súa calidade de Presidenta da Asociación de Axuda o Toxicómano “Érguete”, con CIF. G-36.642.726 e con enderezo social na Avda. Martínez Garrido, 21 Interior, e en representación desta segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Asociación Érguete de axuda ó toxicómano, é unha organización non gubernamental (ONG) inscrita no Rexistro Municipal co número 178/91, declarada de Utilidade Pública polo Ministerio do Interior segundo Real Decreto 1786/96, de 19 de xullo, e inscrita como entidade prestadora de servizos sociais na Xunta de Galicia.

A Asociación Érguete ven desenvolvendo a súa actividade en Vigo, no campo das drogodependencias, levando a cabo diversos programas de axuda que complementan a actividades asistenciais e de incorporación social das administracións local e autonómica.

Desde o ano 2002, a Asociación Érguete dispón dun programa de apoio residencial para persoas drogodependentes en tratamento nas unidades asistenciais de drogodependencias da Rede de Tratamento de Condutas Adictivas en Vigo, que se desenvolve en tres pisos ou centros de réxime residencial temporal nos que, mediante unha actuación programada, se posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación sociolaboral das persoas en situación de risco de exclusión social.

Este programa de apoio residencial vai dirixido a persoas drogodependentes en tratamento que teñen alcanzado unha estabilidade no seu proceso terapéutico, e que necesitan dun recurso dese tipo para progresar na súa incorporación social, sendo o obxectivo principal a adaptación do usuario ó medio social a través dun programa de residencia temporal nunha vivenda normalizada coa supervisión de profesionais.

Para o desenvolvemento deste programa, a Asociación Érguete conta con tres vivendas urbanas, en réxime de aluger, ubicadas na cidade de Vigo, adaptadas ao marco normativo que regula este tipo de dispositivos de atención sociosanitaria.

O seguimento da evolución dos usuarios realízase, de forma coordinada, xunto cos terapeutas de referencia das unidades asistenciais de drogodependencias da área de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias, están a protección da salubridade pública, a participación na xestión da atención primaria de saúde, e a prestación dos servizos sociais de promoción e reinserción social, sendo competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes.

A Lei 5/1997, de 2 de abril, da Administración Local de Galicia establece que os municipios exercerán competencias sobre a protección da saúde pública e prestación dos servizos sociais e de promoción e inserción social.

Na Orde de 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de acollida e inclusión.

A Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das administracións locais, e os programas, medidas, e ámbitos de intervención, referidos á prevención, asistencia e incorporación social, na nosa Comunidade.

A Resolución de 2 de febreiro de 2009, da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre drogas, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros polo que se aproba a Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016, mantén que o éxito da política xeral sobre drogas require da cooperación das Administracións Locais. Deste xeito, o desenvolvemento da Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016 no seu Plan de Acción sobre Drogas 2009-2012, no obxectivo primeiro, propón optimizar a coordinación e cooperación no marco do Estado español mediante, entre outras medidas, a potenciación da elaboración de planes municipais e supramunicipais coherentes coa Estratexia Nacional.

O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2016, establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais, atópanse os de apoiar aos procesos de integración social das persoas atendidas na Rede de Tratamento de Condutas Adictivas, mediante a promoción de programas dirixidos a mellorar as habilidades sociais e persoais que favorezan a autonomía persoal das persoas con dificultades de integración social polos seus problemas de adicción, desenvolver medidas de acción positiva fronte á exclusión social e/ou laboral das persoas con problemas de adicción en situación de vulnerabilidade, e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos. Máis concretamente, se establecen liñas estratéxicas para a mellora da cobertura asistencial dos trastornos adictivos e o apoio aos procesos de incorporación social das persoas con trastornos adictivos, mediante a colaboración no funcionamento de recursos residenciais de apoio á incorporación social para drogodependentes con necesidades sociosanitarias.

O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social. No ano 2012 está vixente o convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). Estes programas véñense executando mediante recursos propios, convenios coas consellerías autonómicas e con entidades locais.

No vixente Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, mellorar a atención das urxencias sociosanitarias e cobertura de necesidades primarias de alimentación, hixiene e vivenda, e potenciar o mantemento e a creación de novos dispositivos para cubrir as necesidades básicas daquela poboación carente de vivenda ou en situación de risco de exclusión.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servicio de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenio coa Consellería de Sanidade, e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo, no orzamento de 2012 contempla a partida 3133 4890000 -convenio con Érguete aloxamento alternativo-.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanzamento da actividade dos pisos de apoio á incorporación social para drogodependentes en tratamento na área de Vigo que xestiona a Asociación Érguete.

En base ás precedentes consideracións e ao interese (social, deportivo, cultural etc.) que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Érguete, o Concello de Vigo e a dita Asociación Érguete convenian a súa colaboración no ámbito da incorporación social para drogodependentes e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.-

A Asociación Érguete comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo en canto a realización da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes, descrito de maneira pormenorizada no anexo 1 e, concretamente, a:

- Realizar a contratación de persoal técnico, segundo táboa de **anexo 1**, para execución da actividade asistencial
- Asumir a xestión xeral do programa
- Contribuír o custo restante do programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos, segundo anexo 1.
- Cumprir as directrices técnicas do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo, e colaborar na súa estrutura participativa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á Asociación Érguete, unha subvención para o exercicio 2012 por importe de 45.000 euros co obxecto de coadxuvar á financiación da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes.

Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

Polo período de vixencia do convenio, o Excmo. Concello de Vigo, aportará a cantidade de 45.000€ con cargo ao programa de gastos 3133, partida 4890000, do vixente exercicio presupostario

Os pagamentos efectuaranse do seguinte xeito:

- 50% da cantidade anual, á sinatura do convenio. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.

- 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Quinto.-

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos

Sexto.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar, e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Subdirección Xeral de Programas de Fomento e Estilo de vida saudables e dependendo desta o servizo de Saúde Mental e asistencia a Drogodependencias da Consellería de Sanidade, do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo, e da Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.

Sétimo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas de Érguete e dous técnicos deste Concello, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servizos Sociais.

Oitavo.-

A Asociación Érguete comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Noveno.-

A Asociación Érguete poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Décimo.-

A Asociación Érguete comprométese a presentar antes do día 31 de xaneiro de 2013, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino aos Servizos Sociais.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- ▣ Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas
- ◆ Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
 2. Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cotas da Seguridade Social.
 3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 4. Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.
 - Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31.7e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas

se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que acredite, mediante declaración xurada, que a entidade está exenta.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo primeiro.-

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012.

Décimo terceiro.-

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O/a, responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.

Décimo oitavo.-

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

7(613).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓNS DE NICHOS E CINCEIROS NOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE LAVADORES, PEREIRÓ E TEIS. EXPTE. 9638/255.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa de negociado de Cemiterios, de data 25.05.2012, conformado pola concelleira da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Adxudicarlle ás persoas que se relacionan, o **nicho** ou **cinceiro** que para cada un se expresa segundo emprazamento e número, **nos cemiterios de Lavadores, Pereiró e Teis:**

CINCEIROS NO CEMITERIO DE LAVADORES

<u>NOME DO ADXUDICATARIO</u>	<u>Nº BOCA</u>	<u>BLOQUE</u>	<u>ZONA</u>
María del Carmen Gorrita Rodriguez	25	24	
María del Mar González López	95	24	
Margarita Nieves Coello Bugarin	96	24	

CINCEIROS NO CEMITERIO DE PEREIRÓ

Almudena Núñez Ramiro	101	36	
Francisca Alves da Costa Lojo	174	36	

María Delia Silva López		36	37
María del Carmen Amoedo Platas	175		37
María Benicia Toquero Pintos		178	37
Mónica Diumaró González		180	37

CINCEIROS NO CEMITERIO DE PEREIRÓ

<u>NOME DO ADXUDICATARIO</u>	<u>Nº BOCA</u>	<u>BLOQUE</u>	<u>ZONA</u>
María Amparo Hermo Álvarez	80	1ª and.	B. Sur E.
Jose Luis del Río Lago	23	3ª and.	B. Sur D.

CINCEIROS NO CEMITERIO DE TEIS

Elsa Esther Muiño Conde		82	17
María Yolanda Landesa Pérez		85	17
Rosa María Alonso Fernández		86	17
Guadalupe de los Angeles Prieto Riveiro	87		17
Ana del Río Vázquez		88	17
María Teresa Cuadrado Gago		89	17
Dolores Rouco Padin	90		17
Manuel Simón Millos	93		17
Enrique Otero Collazo		96	17

NICHOS NO CEMITERIO DE PEREIRÓ

Jesús Miguel Figueiras Pérez	48	33
------------------------------	----	----

Segundo: As adxudicacións outórganse por un prazo de cincuenta anos a contar dende a data da liquidación do nicho ou cinceiro adxudicado.

Terceiro: De conformidade co previsto no art. 7º da Ordenanza Fiscal en vigor, os acordos de adxudicación estarán condicionados o pagamento das cantidades sinaladas no apartado A.2 do artigo 5º da devandita Ordenanza.. En todo caso, quedará sen efecto a adxudicación, sen necesidade de notificación expresa, cando se producira o impago da totalidade ou dalgunha fracción, no prazo dun mes contado dende a finalización do prazo para pagamento.

CINCEIROS NO CEMITERIO DE TEIS:

A Comisión Municipal de Goberno, en sesión celebrada en datas 20 de novembro de 1992 e 29 de xaneiro de 1993, entre outros adoptou os seguintes acordos:

- “Adxudicar a Dª. Rosa Concepción Fontan Tombo o cinceiro número 60 do bloque I esquerda”

- “Adxudicar a D^a. Rosalía Portela Teodosio o cinceiro número 5 do bloque I dereita”.

Ante a imposibilidade de evitar as filtracións de augas que discorren pola parte traseira e superior dos devanditos cinceiros, propónse a súa substitución coa conseguinte adxudicación en concesión por 50 anos:

- A D^a. Rosa Concepción Fontan Tombo, o cinceiro número 44 do bloque 17.
- A D^a. Rosalía Portela Teodosio, o cinceiro número 78 do bloque 17.

8(614).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

A) CIVIS GLOBAL, S.L. EXPTE. 2151/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Fomento, de data 25.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Proceder as devolucións das fianzas a **CIVIS GLOBAL, S.L.**, (antes MOVEX VIAL, S.L.), constituídas na data reseñada, polos importes de :

BANCO	Nº DE OPERACION	IMPORTE
BANKIA	201100085231	50.000,00 €
BANKIA	201100085232	50.000,00 €
BANKIA	201100085234	94.783,39 €

B) EIRIÑA, S.L. EXPTE. 2148/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Fomento, de data 25.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Proceder a devolución da fianza a **EIRIÑA, S.L.**, constituída na data reseñada, polo importe de :

BANCO	Nº DE OPERACION	IMPORTE
BANCO POPULAR	201100084702	35.534,67 €

9(615).- ENAXENACIÓN PARA CHATARRA DE VARIOS VEHÍCULOS MUNICIPAIS. EXPTE. 9095/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do concelleiro delegado de Fomento e Novas tecnoloxías, de data 22.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Enaxenacion para chatarra de varios vehículos municipais

Nº flota	Matrícula	Tipo	Antigüidade
309	3274-CFP	Turismo	2000
311	4828-CFP	Turismo	2000
351	PO-5266-BN	Turismo	1999
365	PO6621-AS	Furgón	1992
384	PO-6905-BL	Turismo	1999
410	MA-8001-BV	Turismo	1995
495	PO-8745-Y	Furgoneta	1987

10(616).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE MEMORIA E SOLICITUDE DE AXUDA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO "COOPERLAND"-CONVOCATORIA PROGRAMA "EUROPA CON LOS CIUDADANOS (2007-2013). EXPTE. 5690/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

◆Aprobar á memoria do Proxecto "Cooperland" presentado polo servizo de Participación e Atención Cidadá para a súa remisión ao programa convocado pola "Agencia Ejecutiva en el ámbito Educativo, Audiovisual y Cultural (EACEA)" da Unión Europea, por un importe total de 212.522,72 €.

◆Solicitar da Agencia Ejecutiva en el ámbito Educativo, Audiovisual y Cultural (EACEA) unha axuda de 127.513,63 € correspondente ao 60,00 % do total do proxecto "Cooperland".

◆En uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e con carácter específico as previstas no art.127.1.f) (segundo modificación introducida a través de Lei 57/2003), esta Administración Municipal comprométese a incluír nos Orzamentos Xerais deste Concello, entre os exercicios 2012 e 2013 (ambos inclusive), as dotacións suficientes para facer fronte ao financiamento municipal do Proxecto, en contía de 85.009,09 € (40,00 % do total), que se distribuirá en devanditas anualidades segundo o establecido na solicitude de axuda financeira.

◆O Concello de Vigo comprométese a efectuar os anticipos de tesourería necesarios para facer fronte aos pagos da totalidade do Proxecto (incluídos os correspondentes á porcentaxe da axuda financeira solicitada), previo expediente de modificación

orzamentaria (xeración de créditos que se tramitará unha vez notificado o compromiso de cofinanciación comunitario).

◆Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello de Vigo na tramitación de subvención diante da “Agencia Ejecutiva en el ámbito Educativo, Audiovisual y Cultural” da Unión Europea .

11(617).- ABONAMENTO COTAS DE GASTOS DE COMUNIDADE RÚA GAIVOTA, XANEIRO 2011-DECEMBRO 2012. EXPTE. 19483/240

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnico de Admón. Especial, do 9.05.2012, conformado pola concelleira de Patrimonio, e co fiscalizado de conformidade da xefa do servizo de Fiscalización, do 16.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Comunidade de veciños da rúa Gaivota 7, en concepto de gastos de comunidade pola propiedade por parte do Concello da vivenda 8º D, cedida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, a cantidade de 864,00euros, polo período de xaneiro de 2011 ata decembro de 2012, ambos incluídos.

12(618).- PROPOSTA INCOACIÓN EXPEDIENTE DISCIPLINARIO. EXPTE. 35751/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do adxunto xurídico da Policía Local, do 4.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Incoar expediente disciplinario contra o funcionario de carreira con posto de traballo de policía e con carnet profesional n nº 294373, pola presunta comisión dunha falta disciplinaria moi grave ou grave, tipificadas nos arts. 7.b e 8.y, respectivamente, da Lei 4/2010, en relación cos feitos obxeto do Xuízo Rápido 144/2011 seguido ante o Xulgado de Instrución nº 5 de Vigo.

2º.- A efectos da tramitación do expediente nomear instrutor ao funcionario de carreira con posto de Adxunto Xurídico da Policía Local, D. Antonio Vivero Mijares e secretario ao funcionario de carreira da Policía Local con posto de traballo de Intendente da Policía Local, D. Francisco Martínez Muñoz

3º.- Ordenar a incorporación das actuacións practicadas nas dilixencias informativas rexistradas como expte. 34952/212.

13(619).- PROPOSTA INCOACIÓN EXPEDIENTE DISCIPLINARIO. EXPTE. 35747/212

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do adxunto xurídico da Policía Local, do 4.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Incoar expediente disciplinario contra o funcionario de carreira con posto de traballo de policía e con carnet profesional n nº 294373, pola presunta comisión dunha falta disciplinaria moi grave ou grave, tipificadas nos arts. 7.b e 8.y, respectivamente, da Lei 4/2010, en relación cos feitos obxecto do Xuízo Rápido 63/2011 seguido ante o Xulgado de Instrucción nº 2.

2º.- A efectos da tramitación do expediente nomear instrutor ao funcionario de carreira con posto de Adxunto Xurídico da Policía Local, D. Antonio Vivero Mijares e secretario ao funcionario de carreira da Policía Local con posto de traballo de Intendente da Policía Local, D. Francisco Martínez Muñoz

3º.- Ordenar a incorporación das actuacións practicadas nas dilixencias informativas rexistradas como expte. 34952/212.

14(620).- GRATIFICACIÓNS SERVIZOS DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS. ABRIL-2012. EXPTE. 23107/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 18.05.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 28.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORT E NOCTURNAS	TOTAL
Alcaldía	abril	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	627,12	138,72	765,84
Policía Local	abril	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	51.502,87	28.582,20	80.085,07
Parque Central	abril	De Aira Pereira, Emilio a Rodríguez Souto, José Antonio	1.161,78	734,40	1.896,18
Parque Móbil	abril	De Gil González, Antonio a Riveiro Rodríguez, José	451,25	670,48	1.121,73
Extinción Incendios	abril	De Cabaleiro Novelle, Daniel a Veiga García, Rubén	936,66	141,44	1.078,10
Cemiterios	abril	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova	2.827,12	0,00	2.827,12

		Acuña, Delmiro			
Montes, Parques e Xardíns	abril	De Fernández Alberte, Severino José a Vidal Álvarez, José Luis	1.294,44	728,96	2.023,40
Desinfección	abril	De Pardellas Avión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	168,84	152,32	321,16
Vías e Obras	abril	De Amoedo Mosquera, José Luis a Fernández González, Miguel A.	84,42	0,00	84,42
Limpeza	abril	De Hermida Sanmartín, Juan José	233,16	372,64	605,80
Museo	abril	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	408,04	0,00	408,04
Conserxería	abril	De Fernández Alonso, José A. A Vaqueiro Herbello, M ^a Teresa	49,25		49,25
	TOTAL		59.744,94	31.521,16	91.266,10
	S				

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 91.266,10 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

15(621).- COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA. ABRIL-2012. EXPTE. 23101/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 18.05.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 28.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de abril de 2012, e que ascenden a un total de 1.193’92 € (mil cento noventa e tres con noventa e dous céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

16(622).- GRATIFICACIÓNS SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL. ABRIL-2012. EXPTE. 23102/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 18.05.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 28.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente

ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comezan por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Abril-2012, e que ascenden a un total de 649'46 € (SEISCENTOS COARENTA E NOVE EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións”.

17(623).- RECOÑECIMENTO GRAO PERSOAL: D^a LUCÍA TRILLO DE MARTÍN-PINILLOS. EXPTE. 23124/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Xestión de RRHH, do 15.05.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 28.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñecer a funcionaria de carreira con praza de administrativo de admón. xeral e posto da mesma denominación, D^a Lucia Trillo de Martín-Pinillos, con nº de persoal 77174, a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 22 motivado no desempeño durante máis de dous anos continuados dun posto de nivel 26, nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada ao seu expediente persoal”.

18(624).- GASTOS LOCOMOCIÓN SERVIZOS MUNICIPAIS. EXPTE. 23099/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 16.05.2012, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención, do 28.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar o gasto por un importe de **6.427,76 €**, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Agustín Rodríguez Carballo e que remata en D. Santiago Alonso Ferragud-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
66476-250	Vías e Obras	Rodríguez Carballo, Agustín	35.981.050-B	77170	Abril 2012	120,02 €
66519-250		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Abril 2012	293,74 €
66515-250		Villar Estébez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Abril 2012	300,20 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36.009.349-C	10694	Abril 2012	243,39 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Abril 2012	291,46 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Abril 2012	256,12 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Abril 2012	209,38 €
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	Abril 2012	278,35 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Abril 2012	295,83 €
	O.S.P.I.O.	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Abril 2012	262,39 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Abril 2012	273,41 €
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Abril 2012	281,96 €
		Arlandis Marra, M ^a Francisca	34.971.096-X	79925	Xan.-Marzo 2012	336,87 €
5671/5672-320	Part. Cidadá	Zaragoza Bastos, Juan	35.997.115-E	17704	Marzo-Abril 2012	106,78 €
5688-77	D.Local e Emprego	Gutiérrez Orúe J.Francisco	13.894.232-R	13920	Abril 2012	33,56 €
	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Abril 2012	288,80 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Abril 2012	244,34 €
82513-210	Mobili.Trans.e Seg	Alonso González, José Ramón	36.026.001-C	15208	Abril 2012	142,88 €
82514-210		Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Abril 2012	48,07 €
82515-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Abril 2012	163,59 €
82516-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Abril 2012	128,06 €
25404/25411-502	Inspección Tributos	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Marzo 2012	192,09 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Marzo 2012	178,22 €
		Mosquera Pérez, Gonzalo	35.982.394-K	12351	Marzo 2012	216,60 €
		Comesaña Rial,	36.033.64	9550	Marzo 2012	229,52

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
		Manuel	7-F			€
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.13 1-E	8361	Marzo 2012	266,38 €
		González Campelos, Manuel	35.997.31 5-S	23656	Marzo 2012	269,80 €
		Román Casas, Juan Carlos	36.011.34 7-V	8349	Marzo 2012	153,33 €
	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.28 4-W	76430	Marzo-Abril 2012	152,38 €
	Museo da Cidade "Quiñones de León"	Rodríguez Fernández, Javier	34.967.83 7-V	15071	Abril 2012	16,34 €
		Ogando López, José Manuel	76.669.56 9-C	13913	Abril 2012	15,96 €
		Otero Quesado, Jesús	36.033.42 5-S	13847	Abril 2012	2,28 €
72511-301	Benestar Social	Martínez Guede, Silvia	36.142.88 5-H	80631	Xan.-Abril 2012	15,20 €
	Educación	Codesido Rodríguez, J.Felipe	36.081.82 3-K	19399	Abril 2012	120,46 €
TOTAL						6.427,76 €

	SERVIZO	TOTAL
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	3.443,12 €
2410	Emprego Desenvolvemento Local-Participación Cidadá	140,34 €
9220	Conserxería	533,14 €
1330	Mobilidade, Seguridade e Transportes	482,60 €
9310	Inspección Tributos	1.505,94 €
1640	Cemiterios	152,38 €
3330	Museo da Cidade "Quiñones de León"	34,58 €
2310	Benestar Social	15,20 €
3210	Educación	120,46 €
	TOTAL	6.427,76 €

19(625).- SOLICITUDE DEVOLUCIÓN AVAL: D. JOSÉ LUÍS BARREIRO ARESES. EXPTE. 82612/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 21.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do importe en metálico achegado en data 11 de maio de 2012 don Jose Luis Barreiro Areses NIF 36081837 N , por un importe de **2000 €** para responder dos posíbeis danos con

motivo da celebración dun concerto de pop rock o día 12 de maio de 2012 na praza do Pobo na rúa Baiona ao comprobarse que non houbo danos no espazo utilizado

20(626).- RECLAMACIÓN XUROS DE MORA POR PARTE DA EMPRESA HIDROSCIVIL, S.L. EXPTE. 1356/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Xestión da Área de Fomento e do xefe da área, do 16.05.2012, conformado polo asesor xurídico da área e polo concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral do 18.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer a obriga económica por importe de 49.344,62 euros a favor da empresa "HIDROSCIVIL, S.L.", con CIF. B-36759652, por motivo de intereses de demora, segundo os antecedentes descritos no expediente, quedando a obriga de pago condicionada a existencia de crédito adecuado e suficiente a tramitar mediante a incoación do correspondente expediente de modificación de créditos (crédito extraordinario ou suplemento de crédito) e unha vez que a mesma sexa executiva procederase a conversión da obriga económica en obriga de pago.

21(627).- DAR CONTA: PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE SANCIÓN S URBANÍSTICAS. EXPTE. 6194/407.

Dáse conta das seguintes sanción s urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de apremio:

▫ Grupo Dajada, S.L. (NIF B-36.810.802)	3.150,00 euros
▫ Armadora Pereira, S.A. (NIF A-36.630.028)	3.150,00 euros
▫ Obras y construcciones Alen, SL (NIF A36.063.667)	300,00 euros
▫ Gestiones urb. y de negocios, SL (NIF B-36.785.152)	600,00 euros
▫ Inversiones Playamar, S.L. (NIF B-36.829.315)	3.150,00 euros
▫ Benito Franco García (NIF 35.823.661-B)	600,00 euros
▫ Saure, S.L. (NIF B-36.680.270)	3.150,00 euros
▫ Roberto Alonso Ucha (NIF 35.966.288-S)	600,00 euros
▫ M ^a Rosa Domínguez Rivero (NIF 36.056.452-L)	300,00 euros
▫ Esmeralda Fraile Mata (NIF 36.035.803-R)	600,00 euros
▫ Jesús Daponte Corrales (NIF 35.935.189-N)	300,51 euros
▫ M ^a Carmen Rouco Fernández (NIF 36.060.535-P)	3.000,00 euros
▫ Elvira Domínguez Alvarez (NIF 35.929.565-T)	6.000,00 euros
▫ M ^a Carmen Carballo Castro (NIF 35.997.442-G)	1575,00 euros
▫ Construcciones Grial, S.A. (NIF A-78-510-542)	602,00 euros
▫ Predios Vigo, S.A. (NIF 36.057.850-Z)	1.000,00 euros
▫ Fernando Méndez Fernández (NIF 76.998.822-C)	1.000,00 euros
▫ Calixto Alonso Domínguez (NIF 34.609.285-N)	600,00 euros
▫ Eduardo Domínguez Castro (NIF 35.765.156-H)	700,00 euros
▫ José Antonio Posada Burgo (NIF 36.037.987-T)	1.000,00 euros

▫ Luzada, S.L. (NIF B-36.898.377)	300,00 euros
▫ CC.PP. Garaxe Esperanto 2 (NIF H-36.726.404)	3.150,00 euros
▫ Gesticeltia, S.L. (NIF B-32.228.579)	3.150,00 euros
▫ M ^a Carmen Mosquera López (NIF 35.927.596-D)	1.575,00 euros

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

22(628).- CONSTITUCIÓN XUNTA DE COMPENSACIÓN APR A-5-39 VÍA NORTE. EXPTE. 5060/401.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do técnico de Admón. Xeral, do 21.05.2012, conformado e do xefe do servizo de Desenvolvemento Urbanístico e pola Xerente de Urbanismo, e co ditame do Consello da Xerencia de Urbanismo do 25.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a escritura de constitución da Xunta de Compensación da «APR A-5-39 VÍA NORTE, outorgada o 23.03.2012 perante o notario D. José Luís Prieto Fenech, obrante ao número 441 do seu Protocolo, e instar da Xunta de Compensación a práctica da nota marxinal no Rexistro da Propiedade do inicio do procedemento en cada unha das fincas afectadas, segundo o disposto no art. 5 do Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo.

SEGUNDO: Ratificar expresamente á arquitecta Xefa de Planeamento e Xestión, D.^a Belén González Ramírez, como representante do Excmo. Concello de Vigo no órgano reitor da Xunta de Compensación, da «APR A-5-39 VÍA NORTE».

TERCEIRO: Requirir aos propietarios non incorporados consonte o disposto no art. 8.4 dos Estatutos a fin de que, no prazo máximo dun mes dende a notificación do presente acordo se adhiran á Xunta de Compensación, manifestándoo ante Notario e comunicándollo por escrito á Xunta de Compensación dentro do expresado prazo, con indicación de que de non incorporarse a súa propiedade poderá ser obxecto de expropiación forzosa en favor da Xunta de Compensación.

CUARTO: Instar da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia a inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras da Xunta de Compensación do «APR A-5-39 VÍA NORTE».

QUINTO: Notificar o presente acordo á Xunta de Compensación e aos propietarios de terreos e titulares de dereitos reais no ámbito, con indicación de que contra o mesmo, que pon fin á vía administrativa, caberá interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o mesmo órgano que o ditou, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante os Xulgados do

contencioso-administrativo de Vigo, contados en ambos casos dende o día seguinte ao da notificación, ou calquera outro que estimen procedente.

SEXTO: Dar traslado do presente acordo aos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, para que se emita o informe que proceda sobre a incidencia da execución do «APR A-5-39 VÍA NORTE» nas infraestruturas.»

O presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ao seu superior criterio.

23(629).- SOLICITUDE DEVOLUCIÓN FIANZA: “JUNTA COMPENSACIÓN UA 03-CHANTADA”. EXPTE. 66238/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 15.05.2012, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza depositada por “Junta de Compensación U.A. 03 Chantada” por importe de 508,17 € (cincocentos oito euros con dezasete céntimos).

24(630).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL DE LAVADORES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 3375/336.

ANTECEDENTES.- Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa do servizo de Xuventude, conformado pola concelleira delegada da área e pola concelleira

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, concretado nunha Ludoteca, entre o Concello de Vigo e o Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, que se adxunta o presente expediente.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 25.000 € euros a favor da entidade Asociación Veciñal de Lavadores C.I.F. G36633618 con cargo á partida 3370.489.00.02 do vixente orzamento. Por tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, realizarase un pago anticipado do 50% do importe e non se esixen garantías.

TERCEIRO: Que se libre a cantidade de 12.500 € € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante(12.500 €) á finalización do mesmo.

CUARTO: Facultar á Concelleira de Xuventude, María Jesús Lago Rey para a sinatura do presente convenio”

Na Casa do Concello de Vigo, a

REUNIDOS

Dunha parte, dona María Jesús Lago Rey, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Xuventude do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011, sobre delegación de atribucións.

Doutra, D. Eduardo Fernández Pérez, con DNI: 35961107D como presidente da Asociación Veciñal y Cultural de Lavadores, CIF: G36633618 e enderezo social en Rúa Ramón Nieto nº 302, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente número 3375/336

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Asociación Veciñal y Cultural de Lavadores ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos veciños en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Lavadores un lugar digno onde vivir e convivir. Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de Ludoteca que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

II.- Que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a Asociación Veciñal e Cultural de Lavadores, referida ao desenvolvemento da actividade de Ludoteca, polo que considerase conveniente a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de Ludoteca proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, “a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público”.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.02, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de

25.000 euros, a favor da ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

V.- Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 3375/336.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, conveñen a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento da actividade de Ludoteca proposta e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Asociación Veciñal , Cultural e Deportiva de Lavadores comprométese a desenvolver a actividade de Ludoteca en Lavadores e, concretamente, a:

1º.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 7 e 12 anos, como mínimo, no inmovible denominado Villa Galicia, na rúa Ramón Nieto núm. 302, de acordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:30 e 20:30 horas agás nas vacacións de verán que será de 9:30 a 13:30 horas

2º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social dos persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.

3º.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.

4º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

5º.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

6º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de Ludoteca a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellería de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2º.- Conceder directamente á Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores unha subvención por importe de 25.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.02 "Subvención Ludoteca AAVV de Lavadores" do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da actividade de ludoteca no ano 2012.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado, á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (12.500 €) e outro do 50% restante (12.500 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento. Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen reximen de garantías dos fondos entregados.

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- A entidade Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- A Asociación Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores, no prazo máximo 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar:

a) Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.

b) Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeito a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

c) Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financien o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se

incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 1 de xaneiro e 31 de decembro do 2012.

A Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude. O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

Décimo terceiro.- A Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a

concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

25(631).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIOCOMUNITARIAS NO CENTRO CÍVICO DE TEIS. EXPTE. 5711/320.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Xestión de Atención e Participación Cidadá, do 28.05.2012, conformado polo xefe do servizo e polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal do 31.05.2012, e co informe do Interventor Xeral do 31.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 50.000 € (cincuenta mil euros), con cargo á partida presupostaria 9240 4890007, denominada “*Convenio Asociación Veciños Teis*” incluída no vixente orzamento municipal de 2011, prorrogado hasta a entrada en vigor do novo presuposto.

SEGUNDO.- APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Veciños de Teis (CIF.- G-36646545), cuxo obxecto é o uso e realización de actividades sociocomunitarias no Centro Cívico de Teis e, en

consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención de 50.000 € (cincuenta mil euros).

TERCEIRO.- NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

26(632).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE VECIÑOS “EDUARDO CHAO” PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIOCOMUNITARIAS PLANIFICADAS PARA O ANO 2012. EXPTE. 5713/320.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Xestión de Atención e Participación Cidadá, do 31.05.2012, conformado polo xefe do servizo e polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal do 31.05.2012, e co informe do Interventor Xeral do 31.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 72.000 € (setenta e dou mil euros), con cargo á partida presupostaria 9240 4890013, denominada “*Convenio FAVEC*” incluída no orzamento municipal de 2012, aprobado inicialmente por acordo plenario de data 30/03/12 e publicado no BOP nº 79, do xoves 12/04/12.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación de Veciños “Eduardo Chao” (CIF.- G-36681708), tramitado como anticipado de gasto, con cargo á partida orzamentaria nominativa prevista no orzamento municipal de 2012, aprobado inicialmente por acordo plenario de data 30/03/12, cuxo obxecto é o uso e o financiamento dos gastos derivados da programación, organización e execución das actividades sociocomunitarias planificadas para o ano 2012, a levar a cabo dende/ou no inmobile municipal que ocupa a Federación na Praza da Princesa, 7- 2º andar e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención de 72000 € (setenta e dous mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

27(633).- AUTORIZAR Á DELEGACIÓN EN VIGO DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO, EN COLABORACIÓN CON EL CORTE INGLES, A 7ª CARREIRA FEMENINA DE VIGO, O VINDEIRO DOMINGO 17.06.2012. EXPTE. 11248/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 28.05.2012, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar á Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, en colaboración con El Corte Inglés a organizar o vindeiro domingo **17 de xuño de 2012**, a **7º Carreira Femenina de Vigo**”. A devandita proba terá a saída ás 11 horas dende El Corte Inglés e percorrerá as seguintes rúas: Gran Vía, Urzáiz, República Argentina, García Barbón, Isaac Peral, Areal, Concepción Areal, para rematar fronte a piscina do Real Club Náutico, previa entrada polos xardíns de Elduayen”.

28(634).- AUTORIZAR A RUNNING SOLUTIÓNS, A ORGANIZAR O VINDEIRO DOMINGO 3.06.2012, A 1ª CARREIRA DO CELTA “A CARREIRA DO ASCENSO”. EXPTE. 11212/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 29.05.2012, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar a Running Solutions, a organizar o vindeiro domingo **3 de xuño de 2012**, a **1ª CARREIRA DO CELTA “A CARREIRA DO ASCENSO”**. O dito evento desenvolverase entre as 11 e as 13 horas co percorrido seguinte:saída no Estadio

de Balaídos, rúa Val Miñor, Eugenio Kraft, Av. Florida, Pza América, Av. Castelao, Padre Seixas, Av. Florida, Manuel de Castro e remate no mesmo Estadio de Balaídos. A distancia total a percorrer sería de 10 quilómetros”.

29(635).- CONVALIDACIÓN DO GASTO PARA O PAGAMENTO DA FACTURA DA ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS POLO SERVIZO DE RECOLLIDA E ATENCIÓN DO REFUXIO DE ANIMAIS DO MES DE ABRIL 2012. EXPTE. 8580/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do departamento de Medio Ambiente, do 23.05.2012, conformado pola concelleira de Medio Ambiente e pola concelleira de Facenda, e co informe do Interventor Xeral do 30.05.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Único.- Aprobar a indemnización substitutiva a prol da Sociedade Protectora de Animais e Prantas de Vigo, con C.I.F.: G-36.638.955, correspondente á factura do mes de abril de data 11/05/2012 (doc. 120056976) polo concepto de “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais e Prantas” por importe de 8.000 euros, con imputación á retención de crédito núm. 201200014419 da partida 1720.227.99.04 do orzamento en vigor .

30(636).- ADXUDICACIÓN A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA O PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO PARA O ANO 2012-2013. EXPTE. 8316/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 30.05.2012, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro do 31.05.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Adxudicar a Cruz Vermella Española o procedemento aberto para a contratación do SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO PARA O ANO 2012 E 2013. EXPTE. 8316-306 por un prezo total de 441.580,76 euros, un prezo hora de prestación do servizo para os efectos de posibles modificacións contractuais de 12,84 euros máis IVE e a execución das seguintes prestacións adicionais respecto das previstas nos pregos de cláusulas técnicas e administrativas:

- Incremento de 80 horas de libre disposición.

- Contratar un coordinador/a (no prego, responsable do servizo) con 40 horas durante 14 semanas e con outro coordinador/a contratado a 20 horas durante os meses de xullo e agosto.
- Organizár, cando menos, un simulacro no mes de xullo nos termos indicados na oferta.
- Os Socorristas terán a formación en desfibrilación semiautomática para o persoal non sanitario.
- Impartir a todo o seu persoal que participe no servizo de Salvamento e Socorrismo do Concello de Vigo as seguintes accións formativas:
 - Curso de Desfibrilación semiautomática para persoal non sanitario. Duración 8 horas.
 - Curso de coordinación operativa e comunicacións. Duración 10 horas.
 - Curso de Prevención de Riscos Laborais no posto de traballo. Duración 4 horas.
- Dotar o seguinte material sanitario e de primeiros auxilios no areal de Fortiñon :
 - 1 desfibrilador semiautomático.
 - 1 maletín de oxigenoterapia
 - Equipos para a exploración de constantes
 - 1 padiola de exploración
 - 1 padiola de traslado
 - 1 taboleiro espiñal
 - 1 inmovilizador de cabeza
 - 1 set de colariños multitallas adulto e pediátrico.
 - 1 equipo de férulas de inmovilización.

Todo o anterior de acordo cos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

31(637).- OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA NA RÚA URZAIZ ENCONTRO COA RÚA PRINCIPE (FAROLA) PARA A REALIZACIÓN DO “ROADSHOW F1 BANCO DE SANTANDER”. EXPTE. 82678/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da enxeñeira técnica, do 30.05.2012, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR a Alcaldía para a celebración do “ROADSHOW F1 BANCO DE SANTANDER”, a ocupación da vía pública, na Rúa Urzáiz encontro con Príncipe (Farola), os días do 07 ó 11 de xuño do ano en curso, coa colocación de 3 carpas dun tamaño de 5*5 cun total de 15*5 para simuladores máis un valado adicional de 23*17 metros.

Os organizadores deberán adoptar as preceptivas medidas para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, solicitando no seu caso un reforzo de contedores ó departamento de limpeza do Concello.

Así mesmo, deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

32(638).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9,25 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.